



Subvencións a proxectos de voluntariado xuvenil, CONCELLO DE VAL DO DUBRA

P

A Consellería de Política Social convoca subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil, que realicen proxectos desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2022.

O dito programa consiste en instar a participación nas entidades de acción voluntaria e nas entidades locais inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, das persoas mozas galegas para a súa colaboración como persoas voluntarias.

Proxectos subvencionables

Serán subvencionables os proxectos de acción voluntaria presentados por entidades de acción voluntaria e entidades locais sempre que a dita acción voluntaria a desenvolvan persoas mozas de idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Para as persoas menores de 18 anos precísase, ademais, autorización da nai, pai ou persoa que exerza a tutoría legal.

Estes proxectos que se realicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolveranse, prioritaria pero non exclusivamente, nalgunha das seguintes **actividades**:

- a) Actividades relacionadas co Camiño de Santiago.
- b) Actividades de recuperación da cultura/arte/tradicións populares galegas.
- c) Actividades con colectivos en situación de risco.
- d) Actividades xuvenís.
- e) Actividades ambientais.
- f) Actividades relacionadas coa igualdade de xénero ou aquelas que desenvolvan medidas orientadas á prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero.
- g) Actividades relacionadas co ámbito familiar.
- h) Actividades relacionadas coa posta en valor do medio rural.
- i) Actividades relacionadas co benestar das persoas maiores.
- j) Actividades relacionadas coa COVID-19 no actual contexto de crise sociosanitaria.

Os proxectos de acción voluntaria subvencionables deberán ter unha duración comprendida entre 15 e 60 días desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2022. As xornadas diarias serán de 6 horas como mínimo e se son inferiores sumaranse as horas diarias ata completar xornadas de 6 horas.

Requisitos:

- Que as entidades de acción voluntaria e as entidades locais estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.
- Ter sede permanente ou domicilio social en Galicia e desenvolver os programas subvencionables na Comunidade Autónoma galega a través de voluntarias ou voluntarios.
- Ter debidamente contratados todos os seguros de responsabilidade civil e de accidentes de todas as persoas voluntarias.

Máis información no [DOG do 27 de maio de 2022](#) e en www.voluntariadogalego.org

PRAZO PARA ANOTARSE ATA 28 DE XUÑO AS 14 HORAS NA OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL, EN CASO DE QUE TEÑAMOS MAIS MOZOS/AS QUE PRAZAS FARASE UN SORTEO PUBLICO AS 12 HORAS NO SALON DE PLENOS DO CONCELLO O DIA 29 DE XUÑO

INFORMA : OMIX, omix@valdodubra.gal (Carlos Nieto, 981889000)